

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE PIÑOR

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA EMERXENCIA SOCIAL

Bases reguladoras para a concesión de axudas para emerxencia social do Concello de Piñor

Primeiro. Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto regular a convocatoria de axudas destinadas a dar-lles resposta urxente a situacións puntuais de necesidade xeradas por emerxencia individual e familiar do Concello de Piñor, derivadas de gastos específicos relativos a necesidades básicas, en réxime de concorrência non competitiva, de acordo co artigo 55 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segundo. Natureza xurídica

As presentes bases axústanse e régulanse de acordo co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a súa normativa de desenvolvemento e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Terceiro. Gastos subvencionables

Serán subvencionables os seguintes gastos:

Derivados de posibilitar que se continúe habitando a vivenda habitual: axudas para o pagamento de débedas de alugamento e conceptos similares que impidan o desafiuzamento e a perda de subministracións básicas dela.

Vinculados á mellora da habitabilidade da vivenda habitual.

Destinados ao equipamento mobiliario básico da vivenda.

Para a atención de necesidades primarias básicas: alimentación, vestuario e demais indispensables para o desenvolvemento da vida diaria.

Para a atención sanitaria e sociosanitaria non cubertas polos sistemas públicos de saúde e de servizos sociais: próteses oculares, próteses e arranxos dentais e gastos farmacéuticos e outros de análoga natureza.

Outros gastos excepcionais, valorados polo persoal técnico municipal de Servizos Sociais como indispensables para previr a marxinación e favorecer a normalización de individuos e familias.

Cuarto. Compatibilidade

Será incompatible a concesión da axuda económica co gozo gratuíto de servizos que cubran as mesmas necesidades. Así mesmo, non poderán outorgarse axudas polo mesmo concepto que fosen concedidas por outras administracións ou organismo público. Exceptuarase este último requisito se a axuda concedida non liquidase a necesidade e poderá, neste caso, complementa-



rse desde esta administración, sen que en ningún caso poida superar o custo total do obxecto da axuda.

Quinto. Contía das axudas

Para a concesión das axudas convocadas, destínase a cantidade de 500 euros, que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 231.480, consignadas no Orzamento municipal vixente.

As axudas concederanse por rigorosa orde de presentación, ata esgotar o crédito orzamentario asignado. Non se poderá exceder do límite orzamentario.

A contía das axudas será de 400 euros por solicitante.

Sexto. Requisitos dos beneficiarios

Poderán ser beneficiarias desta axuda as persoas físicas para si ou a súa unidade familiar (enténdese por unidade familiar a formada por máis dunha persoa cuxos membros convivan no mesmo domicilio, segundo o padrón municipal de convivencia), que reúnan os seguintes requisitos:

1. Ser maior de idade ou menor emancipado/a.

2. Estar empadroadado/a no Concello de Piñor de forma ininterrompida polo menos cun ano de antigüidade. Excepcionalmente, poderán ser beneficiarias, tras un informe previo do persoal técnico municipal de Servizos Sociais, aquelas persoas que, carecendo de domicilio en Piñor, teñan unha situación de urxencia social que faga necesaria esta axuda.

3. Acreditar a situación de necesidade:

Indicador económico. Con carácter excluínte.

A súa aplicación vén determinada en función do sinalado no Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) anual e os complementos segundo o número de membros da unidade familiar, en función cada ano da lexislación reguladora da renda de inserción social de Galicia.

Situacións de risco e/ou exclusión social

Situacións de desatención ou problemas condutuais nos menores que integran a unidade familiar; situacións carenciais ou de conduta desadaptada que lles afectan aos/ás proxenitores/as ou outras persoas adultas integrantes da unidade familiar; situacións de violencia de xénero e outras circunstancias de risco non recollidas nos ítems anteriores.

4. Que a necesidade obxecto da axuda estea valorada por un/unha técnico/a de Servizos Sociais e integrada nun proceso de intervención social.

5. Achegar a documentación requirida en cada caso.

6. Aceptación expresa, por parte do/a usuario/a, das condicións que figuran no deseño de intervención social.

7. Acreditar mediante un documento de declaración responsable de estar ao corrente das obrigacións fiscais e coa Seguridade Social, así como declaración xurada ou promesa na que se faga constar que non se recibiu doutros organismos, e para a mesma finalidade, a axuda solicitada.



Sétimo. Lugar, prazo e forma de presentación das solicitudes

O prazo de presentación finalizará o 30 de decembro de 2024.

As solicitudes deberán presentarse, debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do Concello de Piñor, ou por calquera medio dos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Oitavo. Documentación

A documentación preceptiva é a seguinte:

1. Orixinal e fotocopia para compulsar o Documento nacional de identidade dos membros da unidade familiar que o posúan. No suposto de estranxeiros/as, tarxeta de residente, de asilo ou refuxio ou calquera outro documento que permita a súa estancia legal no país.

2. Orixinal e fotocopia para compulsar do Libro de familia.

3. Certificado de convivencia da unidade familiar.

4. Acreditación dos ingresos económicos de todos os membros da unidade familiar a través de:

- Nóminas, recibos, xustificantes de pensións, certificados do INEM ou calquera outro documento que acredite os ingresos da persoa ou unidade familiar.

- Declaración responsable da persoa interesada na que se faga constar, no seu caso, a carencia absoluta de rendas familiares.

- Declaración do/a interesado/a de estar ao corrente das obrigacións fiscais e coa Seguridade Social (artigos 24.4 e 24.5 do Real decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións), así como declaración xurada ou promesa na que se faga constar que non se recibiu doutros organismos, e para a mesma finalidade, a axuda que se solicita.

- Declaración de non estar incurso/a en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario/a da axuda.

5. Autorización de datos da conta bancaria

6. Documentos acreditativos da situación de necesidade determinantes da solicitude que deben ser orixinais e se precisan devolución, indicar nestes que se concedeu a axuda para o seu pago, así como xustificante do seu custo ou orzamento.

Noveno. Obrigacións do beneficiario

As obrigacións dos/as beneficiarios/as son as seguintes:

- Presentar debidamente cuberta a documentación requirida, no prazo sinalado.

- Cumprir coa actividade obxecto da axuda, é dicir, realizar o gasto nos conceptos sinalados en base ao número 3.

- Acreditar o cumprimento da finalidade da axuda, mediante a presentación dos documentos xustificativos correspondentes (facturas orixinais ou compulsadas) dos gastos realizados para material escolar, dentro do prazo establecido para o devandito fin.



- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Piñor.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando canta información lles sexa requirida no exercicio das devanditas actuacións.
- Comunicarlle ao Concello de Piñor calquera modificación das circunstancias esixidas para a concesión da axuda.
- Reintegrar os fondos públicos percibidos nos supostos recollidos no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.
- Asinar autorización para o pago da axuda económica ao á entidade ou profesional prestador do servizo.

O incumprimento dalgunha destas obrigacións poderase resolver coa suspensión do pago da subvención ou co seu reintegro.

Décimo. Procedemento

O órgano competente para a concesión da axuda obxecto das presentes bases será a Alcaldía, logo dun informe previo da Intervención municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, e quedará constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas notificaránselles individualmente aos/ás interesados/as.

A modificación de calquera circunstancia que se tivese en conta para a concesión destas deberalle ser comunicada ao Concello, que poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Toda publicación se realizará mediante unha publicación no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Piñor.

Undécimo. Xustificación e pago

O prazo de xustificación da axuda finalizará o 30 de decembro de 2024.

A xustificación do gasto acreditarase mediante as facturas dos pagos e gastos realizados que deberán cumprir os requisitos regulamentarios establecidos, ou mediante outros documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil.

O pago da axuda efectuaráselle sempre á entidade ou profesional prestador do servizo, coa sinatura da autorización do/a solicitante.

As facturas deben estar expedidas a nome da persoa solicitante da axuda e os conceptos deberán aparecer suficientemente claros e descritos para a verificación adecuada da correspondencia cos conceptos subvencionables.

Duodécimo. Incumprimento das obrigacións por parte das persoas beneficiarias

Se as persoas beneficiarias da axuda non cumprisen coas obrigacións establecidas nas presentes bases, terán que reintegrar a subvención percibida, así como no caso de que se producisen modificacións na súa situación durante o período de solicitude que determinasen o incumprimento dos requisitos para ser beneficiario da subvención.



No caso de que a xustificación do gasto realizado fose inferior á cantidade da subvención, o importe da axuda será o do gasto xustificado subvencionado.

Décimo terceiro. Confidencialidade e tratamento de datos

Confidencialidade

O Concello de Piñor, en cumprimento dos principios de integridade e confidencialidade, tratará os datos persoais aos que teña acceso de forma que garantan unha seguridade axeitada incluída a protección contra o tratamento non autorizado ou ilícito e contra a súa perda, destrución ou dano accidental, mediante a aplicación de medidas técnicas ou organizativas apropiadas, de conformidade co establecido na Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal e no Regulamento 2016/679, relativo á protección das persoas físicas, no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos).

Tratamento de datos

En cumprimento do disposto na Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal e no Regulamento xeral de protección de datos, informarase os solicitantes de que os datos de carácter persoal que, no seu caso, sexan recollidos a través da presentación da súa solicitude e demais documentación necesaria para conceder a subvención, serán tratados por este concello coa finalidade de garantir o axeitado mantemento, cumprimento e control.

Décimo cuarta. Normativa supletoria

En todo aquilo non establecido nas presentes bases, será de aplicación o que dispón a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Piñor, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e a súa normativa de desenvolvemento.

O alcalde. Asdo.: José Luis González Rodríguez.

R. 2.774

